

Convocatoria do XII Premio de poesía Víctoriano Taibo

Escrito por IEM -Sec
Xoves, 11 Abril 2019 23:43



2019 AS LETRAS DO IEM

Fotografía de Enrique Touriño Maricón

XII Premio de poesía Víctoriano Taibo 2019

Información e bases: <http://iem.gal/seccions/premio-victoriano-taibo>

  

XII Premio de poesía Víctoriano Taibo

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), en colaboración co Concello de Gondomar, convoca o XII Premio de poesía Víctoriano Taibo, dotado con 3000 € e unha escultura conmemorativa de Fino Lorenzo. Rexerase polas seguintes

Convocatoria do XII Premio de poesía Víctoriano Taibo

Escrito por IEM -Sec
Xoves, 11 Abril 2019 23:43

BASES:

1. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, non poderán ser adaptacións nin ter sido premiados noutro certame no momento da decisión do xurado. Estarán escritos en lingua galega, de acordo coas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003). 2. Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos con unidade temática.

3. Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo, con letra Times New Roman e corpo 12 nun sobre pechado identificado co lema, alcume, pseudónimo ou o título elixido polo autor/a.

Así mesmo, dentro deste sobre, xunto cos traballos incluírase outro sobre pechado identificado co devandito lema, título..., que conterá os datos persoais (nome, apelidos, copia de DNI, teléfono de contacto e enderezo electrónico. O xurado só o abrirá no caso de ser premiado

Os traballos enviaranse por correo ao seguinte enderezo:

Apartado 30

36380 Gondomar (Pontevedra)

4. O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 31 de xullo de 2019. 5. Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de publicación da resolución do xurado, período durante o cal poderán recollese no local do IEM en Gondomar. Transcorrido ese prazo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras. 6. O xurado estará constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7. A obra premiada publicarase polo IEM na Colección Víctoriano Taibo e non xerará dereitos de autor durante os primeiros 1500 exemplares editados. A publicación non pode superar o máximo de 250 páxinas.

8. O premio outorgado será único e indivisible. O xurado poderá decláralo deserto se estima que a calidade das obras presentadas así o aconsella.

9. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.

10. O feito de participar supón a aceptación destas bases. O Premio de poesía Víctoriano Taibo recoñeceu até o de agora a obras das seguintes escritoras e escritores:

Convocatoria do XII Premio de poesía Víctoriano Taibo

Escrito por IEM -Sec
Xoves, 11 Abril 2019 23:43

2008: Carlos Negro con Cultivos Transxénicos,
2009: M^a Carmen Caramés con Cuarto Minguante e Elvira Riveiro e Silvia Penas con Biografía da Multitude
2010: M^a Goretti Fariña con Devastacións dispoñibles
2011: Calros Solla con Holocausto Zaoe
2012: Conchita Álvarez Lebrede con Distancias e Simetrías
2013: Ramón Sandoval con Territorios Estraños
2014: Lara Rozados con O caderno amarelo
2015: Iñaki Varela con Do outro lado das portas
2016: Xosé Iglesias con A relixión do mar
2017: Rafa Vilar con Erosións
2018: Laura R. Cuba con A situación actual. O IEM e o Concello de Gondomar queren, a través deste premio, enxalzar a figura de Víctoriano Taibo, escritor e mestre na parroquia de Morgadáns, e contribuír ao crecemento da literatura na nosa lingua, convertendo Gondomar e este premio nunha cita imprescindible para as Letras galegas.